



## A FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA DENUNCIA O MANTEMENTO POR PARTE DE BUREAU VERITAS DA CERTIFICACIÓN BAIXO ESTÁNDARES FSC A NORFOR

A Federación Ecoloxista Galega presentou, fai xa dous anos, unha queixa diante dos responsables do FSC (Forest Stewardship Council ou Consello para a Xestión Forestal) denunciando a certificación indebida da empresa filial de ENCE Norte Forestal (NORFOR). En efecto, a empresa de certificación Bureau Veritas, realizou un proceso de certificación fraudulento que concluiu coa concesión a Norte Forestal do selo de xestión forestal sostible. Este proceso de certificación levouse a cabo con claras evidencias de incumprimento dos estándares estatais de FSC, como foi argumentando e detallando a Federación Ecoloxista Galega dende o seu inicio e polo tanto a concesión do selo é absolutamente indebida e constitúe un engano á sociedade e, máis concretamente, aos consumidores de produtos co selo FSC.

Pero ademais, o afán de negocio de Bureau Veritas e Norte Forestal, ven de ser apoiado polo propio sistema FSC, ao utilizar unha estratexia de dilación fronte á queixa presentada, e aínda que os protocolos de atención a reclamacións por partes interesadas na xestión forestal como o é a FEG establecen que se debe dar resposta nun prazo dun mes, despois de dous anos esta resposta aínda non ten chegado. Todo indica que este sistema de certificación de reconocido prestixio no pasado, tense convertido nun negocio fraudulento do que se benefician o propio sistema que teóricamente carece de ánimo de lucro, as empresas certificadoras sen escrúpulos á hora de obter beneficios como Bureau Veritas e as empresas que practican unha xestión forestal destrutiva ambientalmente e claramente insostible social e economicamente.

A Federación Ecoloxista Galega fundou a súa reclamación no feito de que Bureau Veritas e Norte Forestal ocultaron a utilización dun insecticida altamente tóxico para as abellas, o imidacloprid, e incumpliron de forma grave e recoñecida dous principios básicos do sistema FSC; o que obriga á diversidade na obtención de recursos, que Norte Forestal incumpre ao recoñecer que so obtén un, a madeira de eucalipto para pasta e o principio que obriga á conservación da diversidade nas plantacións, xa que a empresa e os certificadores recoñecen que coa utilización masiva de herbicidas e insecticidas se elimina todo posible organismo que pudiera existir entre os eucaliptos. A pesar destas claras evidencias, sen embargo, dous anos despois da presentación da queixa, as plantacións de ENCE seguen certificadas.

Dende a Federación Ecoloxista Galega queremos denunciar este fraude e advertir aos consumidores de que a etiqueta de xestión forestal sostible FSC que aparece en produtos de

orixe forestal: mobles, artigos de papel ou nas etiquetas de papel que figuran nas botellas de Coca Cola non garanten unha procedencia sostible da materia prima coa que foron fabricados, moi ao contrario é moi posible que tras ese selo se oculte unha xestión forestal destrutiva ambientalmente e empobrecedora social e economicamente como ocorre no caso das plantacións de ENCE. Tamén é mentira que o sistema FSC sexa un sistema aberto aos sectores interesados na xestión forestal, de feito dous anos despois de presentar unha reclamación baseada en evidencias notorias, a Federación Ecoloxista Galega non ten unha resposta.

Pontevedra, 23 de febreiro de 2013

Benito Andrade, da Federación Ecoloxista Galega